

A PAISAXE NATURAL

1. Une os nomes da listaxe cos lugares sinalados cos triángulos de cores



illa	farallón	cantil	furna
con	praia	foz	bocana
enseada	arquipélago	cala	tómbolo

2. Le atentamente este texto e localiza nel os nomes dos elementos da paisaxe definidos.

A ruta comeza no aparcadoiro da base militar do monte Iroite, e segue pola pista de terra que nos leva ás chairas do Barbanza. Para chegar a este punto tomamos como referencia o lugar de Moimenta, que se atopa no quilómetro 7,5 da estrada de Noia a Boiro. Neste lugar debemos achegarnos ao cruzamento do que parte a estrada que sobe ao monte Iroite. A 100 metros do inicio hai unha pista asfaltada á man esquerda que leva a Cadarnoxo. Seguíndoa uns 150 metros hai unha fermosa ferverza xunto á ponte do regato de Lamas. Se tedes tempo, paga a pena facer unha breve visita aínda que implique separarse do camiño. Retomando a pista principal iniciamos unha forte ascensión (de 490 m en 8,5 km) entre plantacións de piñeiros e eucaliptos. Podemos deternos en varios puntos para ollar as

*fermosas vistas do val do río Coroño e, ao fondo, a ría de Arousa. Tamén pasaremos (no km 0,9) por unha fonte, xusto onde a estrada corta unha vella pista empedrada. Acadando os 500 m de altitude (no km 4,2), nunha curva pechada á esquerda, chegamos a un pequeno montículo do terreo que forma un miradoiro natural desde onde se domina un amplo sector das terras que rodean a serra. Uns poucos metros máis adiante, a nosa pista mellora considerablemente. Moi preto hai un camiño de terra que, á man esquerda, baixa cara ao lugar de Casamea. Esta pista está en moi mal estado, mais o lugar ten interese botánico por posuír varias especies de árbores exóticas e ornamentais coma o carballo americano (*Quercus rubra*), o piñeiro de Weymouth (*Pinus strobus*), o piñeiro do Himalaia (*Pinus patula*) e o loureiro real (*Prunus laurocerasus*) entre outros. Por fin (no km 8,5), coroamos o monte Iroite, onde está situada a EVA 10. Ao final da zona militar cómpre fixarse nas rochas que van aflorando en sucesivas bandas e nas súas formas de erosión. Tamén cómpre destacar a existencia de zonas de mato atlántico moi interesantes.*

- Salto de auga causado por un brusco desnivel de terreo. →
- Depresión xeográfica entre montañas. →
- Lugar onde mana a auga da terra. →
- Curso natural de auga doce, constante e de certa magnitude, que flúe por un leito e vai dar ao mar, a un lago... →
- Lugar elevado desde onde se poden observar vistas panorámicas. →
- Sucesión de montañas enlazadas entre si. →
- Curso de auga moi pouco voluminoso. →
- Grande extensión de terreo chan. →
- Pedra de gran tamaño que destaca na terra ou no mar. →
- Elevación natural e importante do terreo. →
- Elevación pequena do terreo, outeiro. →
- Esteiro ou tramo final dun val fluvial asolagado polo mar, provocado polo feito de afundirse a codia terrestre. →